

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	XINZO DE LIMIA
Edificio	Igrexa vella de Santa Mariña de Xinzo de Limia
Dirección	Rúa da Igrexa, 14. 32630
	42.063548 -7.727466
Protección	
Descricion	<p>Da primitiva igrexa Románica do século XII, só se conserva a fachada, parte da planta e un lenzo na parede norte.</p> <p>E un edificio de orixe medieval profundamente reformado en sucesivas campañas durante a idade moderna. Coñecida popularmente como “igrexas vella”</p> <p>Consta de unha única e ampla nave en sillaría de granito, na que abren a ambos costados distintas capelas sepulcrais.</p> <p>Hai indicios de que este templo existe desde o século VIII, como se viu nas escavacións feitas dentro e fora do templo no ano 1997 nas que aparecía a ábsida de unha capela.</p> <p>O Presbiterio ten bóveda artística de pedra, con influencias templarias afrancesadas: Nace de catro nervios en cada esquina en forma de abanicos e entrecrúzanse no centro formando triángulos. En cada doela ten un signo cristián: Adán, a Virxe, Xesús...</p> <p>En 1608 concertan o Abade e os veciños facer a Torre para as campás: está construída con tres corpos diferenciados; estando no último as campás e o reloxos (aínda en perfecto uso dende 1886). Está cuberta por una cúpula de pedra. No segundo corpo está o escudo do Conde de Monterrey, que era o que presentaba os curas para o seo posterior nomeamento.</p> <p>A portada e de estilo románico, aínda que foi construído en 1516, de arco liso rodeado de tres arquivoltas sobre columnas con capiteis historiados con ornamentación vexetal e persoas en posición orante, rodeando as arquivoltas, unha banda de cabezas de cravo, moi típico das igrexas da Limia.</p> <p>Hai tamén una “venera” que fai supor que estamos no camiño de Santiago (Camiño Portugués ou a Vía da Prata).</p> <p>Durante as escavacións e uns traballos de acondicionamento, atopándose varios frescos no interior, tamén se pode afirmar que a Civitas Limicorun, atopábase no mesmo lugar que hoxe ocupa a igrexa, como xa dicían algúns historiadores.</p> <p>Nos Libros de Visita, que se gardan no Arquivo Diocesano pertencentes a Parroquia, encóntranse entre outros os seguintes datos:</p> <p>En 1595 di que “la iglesia era pequena, baja y mal construída”. “La gente no cabía en ella”, aínda que en esa data Xinzo de Limia non tiña máis que unhas cen familias.</p> <p>No mesmo ano 1595 o visitador manda que se derribe e que se faga una maior e máis ancha e que “tenga un buen atrio”. Polo que hai que comprar varias casas e tamén a cárcere que en aquela data estaba valeira.</p> <p>Esta antiga igrexa parroquial de Xinzo de Limia, ten a advocación da patroa do concello, a Santa Mariña, nas funcións de parroquia foi cambiada por outra máis moderna, no século XX.</p>
Campás	4 campás.

Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	18-11-2024

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Chapitel de forxa.	Campá das horas	ANÓNIMO (GALICIA)			
Chapitel de forxa.	Menor	ANÓNIMO (GALICIA)			
Torre-campanario	Maior	DE MENEZO, MANUEL	1851		
Torre-campanario	Menor	BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)	1932		

Información completa: [Igrexa vella de Santa Mariña de Xinzo de Limia - XINZO DE LIMIA \(GALICIA\)](#)

PDF (10-06-2026)